

e) CPV: 15710000-8 Alimentos preparados para animais de granxa e outros animais

3. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO:

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto e selección da oferta economicamente máis vantaxosa.

c) Criterios de adxudicación (ver cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas):

I. CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS

1. Características técnicas (ata 45 puntos)

II. CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS

1. Prezo (ata 55 puntos)

4. ORZAMENTO DA LICITACIÓN: Importe neto: 160.600,00 euros. IVE (10%). Importe total: 176.660,00 euros.

5. GARANTÍAS ESIXIDAS:

a) Provisional: Non se esixe.

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE

6. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA:

a) Os esixidos na cláusula vixésimo segunda do prego de cláusulas administrativas.

b) Condicións especiais de execución: as recollidas na cláusula vixésimo segunda do prego de cláusulas administrativas.

7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS:

a) Prazo: 15 días naturais contados desde o día seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

b) Modalidade de presentación: Persoalmente, no rexistro da Deputación, ou ben mediante envío por mensaxería ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC) dentro do prazo sinalado. No caso de envío por correo ou en calquera das dependencias recollidas no artigo 38.4 da LRXPAC, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fáu, télex ou telegrama, a remisión da proposición.

c) Lugar de presentación:

i. Dependencia: Rexistro da Excm. Deputación provincial de Lugo en horario de 09:00 a 14:00 de luns a venres, e de 10:00 a 14:00 os sábados.

ii. Domicilio: San Marcos nº 8

iii. Localidade e código postal: Lugo, 27001.

iv. Fax: 982260186

v. Dúbdas: As dúbdas que formulen os/as interesados sobre o prego de cláusulas administrativas e/ou prescricións técnicas, deberán ser remitidas á dirección de correo electrónico contratacion@deputacionlugo.org. Só se resolverán as dúbdas formuladas nos 6 primeiros días do prazo de presentación de propostas, data límite para presentar consultas.

8. ADMISIÓN DE VARIANTES: Non

9. GASTOS DE PUBLICIDADE: Serán asumidos polo adxudicatario da licitación.

En Lugo, a 11 de abril do 2016. O SECRETARIO XERAL. Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 1047

CONCELLOS

LUGO

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato:

a) **Tipo de contrato:** servizos

b) **Descrición do obxecto:** É obxecto deste contrato a prestación dun servizo de informacion e dinamización dos centros de dinamización sociocultural propiedade do Concello de Lugo e sitios nas antigas escolas rurais (San Xoán do Campo, Calde, Coeses, Santiago de Saa, Santa Maria de Bóveda, Santa Comba e rubiás), todo segundo o disposto no prego de prescricións técnicas elaborado pola xefa do servizo de servizos sociais.

3.- Tramitación e procedemento.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto

c) **Publicidad:** Boletín Oficial Provincia de data 2 de xuño de 2015 e publicado no perfil do contratante o 2 de xuño de 2015.

4.- Tipo de licitación:

a) **Orzamento máximo do contrato:**

	total coste	IVE (10%)	total coste anual contrato
lote 1 San Xoan do Campo	16.850,04	1.685,00	18.535,04
lote 2 Calde	16.850,04	1.685,00	18.535,04
lote 3 Coeses	16.850,04	1.685,00	18.535,04
lote 4 Santiago de Saa	5.198,52	519,85	5.718,37
lote 5 Santa Maria de Boveda	16.850,04	1.685,00	18.535,04
lote 6 Santa Comba	9.347,44	934,74	10.282,18
lote 7 Rubiás	7.051,12	705,11	7.756,23
IMPORTE TOTAL 7 LOTES	88.997,24	8.899,72	97.896,96

O valor estimado total do contrato, tendo en conta a posible prórroga é de 177.994,48 euros.

5.- Adxudicación:

a) **Data:** 16 de marzo de 2016

b) **Contratista:**

- **PROYECTOS Y SINERGIAS EMPRESARIALES S.L** co NIF. B-94.011.665

- **A BILLARDA S.L** co NIF. B-27.278.845

c) **Nacionalidade:** Española

d) **Orzamento máximo do contrato:**

- **PROYECTOS Y SINERGIAS EMPRESARIALES S.L** co NIF.: **B-94.011.665** (lotes 1, 3, 4, 6 e 7) **46.521,55 euros** mais o 10% do IVE (**4.652,15 euros**) o que resulta un importe total do contrato de **51.173,70 euros** IVE incluído.

- **A BILLARDA S.L** co NIF.: **B-27.278.845** (lotes 2 e 5) **28.000 euros** máis o 10% do IVE (**2.800 euros**) o que resulta un importe total do contrato de **30.800 euros** anuais IVE incluído.

O que resulta un importe máximo do contrato para todos os lotes de **74.521,55 euros** mais o 10% do IVE (**7.452,15 euros**) do que resulta un importe total anual de **81.973,70 euros** IVE incluído.

6.- Data de formalización: 8 de abril de 2016.

Lugo, 11 de abril de 2016.- A ALCALDESA, P.D. TENENTE-ALCALDE DA AREA, (Decreto nº 15010037), Ana Prieto Nieto

R. 1048

Anuncio

Exposición ao público

A través de Decreto número 16002246 aprobouse o padrón correspondente ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondentes ao mes de decembro de 2015, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 31 de marzo ata o día 2 de maio de 2016(ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 30 de marzo de 2016.-A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA AREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN (Decreto nº 15010037 do 7 de decembro de 2015)Ana María González Abelleira

R. 1065

Anuncio

Exposición ao público

A través de Decreto número 16002245 aprobouse o padrón correspondente ás taxas pola prestación do servizo de centro de día correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2015, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa (dende o día 31 de marzo ata o día 2 de maio de 2016 ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 30 de marzo de 2016.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA AREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN (Decreto nº 15010037 do 7 de decembro de 2015) Ana María González Abelleira

R. 1066